

Limiar

A *Galería Noroeste de Xoias de Autor*, sita na Ruela de Xerusalén de Santiago de Compostela, expuxo dende o día 28 de xuño ata mediados de setembro de 2002 (ano abánico na súa simetría palindrómica) unha serie de trinta e cinco abanadores, ou abanos, que das dúas maneiras se pode dicir na nosa lingua, sobre os que poetas de agora mesmo e de nós, *nunc et hic*, escribiron, e nalgúns casos tamén decoraron de propia man, o que no momento lles dictou a súa inspiración. Coidamos que esta iniciativa constitúe unha novidade de orixinal rareza en calquera latitude. Dende logo en Galicia non se lle coñece máis antecedente que outra exposición de países pintados por artistas galegos ofrecida pola mesma galería no ano 1996.

Os forxadores da idea advertían daquela que non se trataba dunha escolma nin dunha antoloxía, prácticas ambas as dúas sempre (e por forza da súa propia definición) discriminadoras en función do(s) criterio(s) de quen fai a selección. A única condición fora que quen figurase na mostra tivese publicado algún libro. Polo demais, o discriminador ben puido ser o azar, moi ventoleiro el tamén, é dicir, o feito de que unhas chamadas por teléfono realizadas sobre unha listaxe abondo nutrida de poetas non sempre localizábeis dende a premura e do pouco tempo dispoñíbel pero que o público visitante merecería admirar na mostra, atoparan ou non os destinatarios e destinatarias nas terminais das súas vivendas, e de que, caso de así ser, aceptasen ou non a proposta que se lles facía.

Xa que logo, sabían os anfitrións da galería, Marián Diéguez e Antonio Ibáñez, que aquela era unha pequena parte do que Galicia podía ofrecer no eido da creatividade literaria, nesta ocasión sobre un soporte ben singular: un abano, un *único* abanador as máis das veces, que facía máis intenso o momento decisivo de deixar chantado para o futuro o que se quería expresar nunha serie necesariamente limitada de palabras

Dende as máis remotas culturas dos continentes todos, tense noticia da existencia de aparellos abanadores manufacturados a xeito para refrescar o aire ou avivar o lume. As diversas feitura, as variadas dimensións, a diferente calidade dos materiais e a súa condición de posíbeis soportes para practicar sobre eles as artes da decoración introdúcennos nunha gama infinita de variedades e de posibilidades. Existen, por outra parte, museos e coleccións privadas dedicados exclusivamente a eles, e alí é onde podemos admirar os encantos dunha máquina tan sinxela e efectiva coma xenerosa, versátil e aínda democrática.

Porque, certamente, non sempre todos os abanos estiveron ao alcance de calquera, debido á enorme carestía ou rareza dos materiais empregados na fábrica dalgúns deles, cousa que restrinxía absolutamente a súa adquisición ás clases privilexiadas económica e socialmente. Pero iso é asunto dos poderosos, porque o abanador, digamos, xenérico, foi sempre, e segue a ser de seu, un adminículo ao alcance de todos os petos ou, caso de petos moi enxoiados ou rañicas, de calquera que responda a uns mínimos requisitos de destreza manual para fabricalos persoalmente.

En Galicia necesitamos abanarnos pouco, iso é certo, que bastante ventilados andamos case sempre. Sen embargo, mesmo para moitos de nós, son adoito motivo de fascinación estes aparelliños tan xeitosos, cheos de posíbeis segredos e misterios. Trebellos que na súa aparente inocencia poden agochar moitas historias de amor e de traizóns, de desprezos, encontros e desencontros. E mesmo de mortes, para as que en ocasións serviron sutilmente. Eles foron cómplices e delatores, mensaxeiros do pudor e do descaro, así como antepeitos de moitas bágoas e de sorrisos invisíbeis subliñadores de olladas de desexo ou de odio. De lumes e ardores, á fin. Por algo sería que en tempos de Luís XV de Francia a etiqueta prohibía ás donas da Corte abrir os seus abanadores en presenza da Raíña, a non ser que fose a modo de bandexa para lle ofreceren algún agasallo.

A práctica da escritura sobre eles téñ tamén unha antiga tradición, por máis que a nós nos semelle cousa da modernidade (da modernidade europea, claro, eurocéntricos como somos). E non nos falta algo de razón, porque foi a partir do século XVIII cando os poetas da tradición occidental se prodigaron abundantemente na escrita de versos de abanador con que contentar solicitudes (sobre todo) femininas. E moi seriosos e ás veces mesmo severos escritores, como Maupassant, Mallarmé, Rubén Darío, Curros Enríquez, Machado e un etcétera tan longo como se queira non puideron resistirse ás pretensión das mociñas fetichistas e casadeiras de levaren para as súas casas unhas palabras aladas dos seus poetas preferidos, ou que simplemente pasaban por alí. Mesmo a nosa Rosalía debeu practicar a escritura de poemas para abanos. Que se saiba, un deles para o da Condesa de Pardo Bazán.

Pero non sempre serviron os abanadores ao galanteo, á seducción ou ao cumprimento. Por veces tiveron que pasar pola humillación de se converteren en simples obxectos de obrigado uso en recepcións e actos oficiais, como ocorreu na Corte británica para as *lady*s ata o ano 1939, ¡quén o diría! Tamén hai casos non pouco curiosos de escarnio e maldicir, esa práctica poética tan axeitada á musa galega. Cóntase que o vate catalán Josep M. de Sagarra, moi dado el ao xénero e xa canso das pertinaces solicitudes dunha corista de terceiro nivel, accedeu a lle escribir no seu *ventall* esta cuarteta:

Ets fresca com una rosa,
més puta que les gallines
i pesada com la prosa
de don Pere Coromines

E este don Pere, pai do arquicoñecido filólogo Joan Coromines (a quen tanto debemos moitos, que todo hai que dicilo), non dubidou en procurar a corista para lle escribir no reverso do mesmo abano estoutra cuarteta:

Un cert poeta conec
Que fa versos de ventall
I ensems més feina amb la llengua
Que amb la punta del carall.

Como se ve, estes chintófanos tan graciosos poden soportalo todo, e dende agora quizais mesmo poderemos falar xa moi manheinneamente, dende a historiografía literaria galega, da *Unidade Xeracional dos Abanos Noroeste 2002*, pois aquí, aínda que dun xeito abondo incompleto, podemos ver poetas das máis variadas orixes e cronoloxías unidos por unha airexa, digo, arela común, que non é outra que xogar un pouco coa brisa do (case sempre) intrascendente: dende nomes emerxentes como os de Yolanda Castaño (1977), Emma Couceiro (1977), María do Cebreiro (1976) ou Estebo Creus (1975) até outros xa ben asentados no cumio do Parnaso galego, como os de Luz Pozo Garza (1922), Xohana Torres (1931) Manuel Álvarez Torneiro (1932) ou Salvador García-Bodaño (1935), pasando por un elenco de luxo que, en orde alfabética, poderá seguir quen mire e lea este libro na súa totalidade a través do correspondente *Índice* e subseguintes colaboracións dos nomes que alí figuran.

Así pois, a idea de editar e publicar agora tan orixinal colleita coido que merece toda clase de parabéns e de agradecementos para os diferentes responsabeis de que o esforzo realizado con ocasión de deseñar e levar a cabo a exposición non fiquen en efémera anécdota que leva o vento e se preserve en troques, xa para sempre, do abandono nese inmenso baleiro que se di olvido.

Anxo Tarrío Varela